

## **ROGO DO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA (INSTALACIÓN DE RAMPLA DE ACCESO ADAPTADA NAS PRAIAS DE PONTEVEDRA)**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Concello de Pontevedra anunciou recentemente o acondicionamento das praias do Lérez, Pontesampaio e Praceres de cara ao verán, para facer labores de limpeza, achega de area, retirada de algas, reposición ou reparación de mobiliario urbano e de praia.

Pero non falan de instalación de elementos de accesibilidade para chegar a area e a auga, para as persoas con problemas de mobilidade que precisen cadeira de rodas ou muletas, tamen para carriños de nenos, etc, as veces non poden estar cerca da auga para desfrutar dun día de praia e se quedan polos arredores observando. As praias son de todos e todas, e temos dereito a desfrutala sen barreiras.

O día 6 de xuño de 2016, tivo entrada no Rexistro deste Concello unha Suxestión para a instalación dunha rampla de acceso adaptada na Praia de Praceres, o día 30 de xuño de 2016 infórmase: “Este ano os traballos a realizar nas praias xa están todos adxudicados e realizados, pero tómase constancia para o próximo ano”

Por todo isto presentamos **o seguinte ROGO:**

1. Que este verano todas as persoas que acudan ás praias de Pontevedra teñan accesibilidade a praia e a auga: familias con carriños de nenos e nenas, maiores, persoas con discapacidade.
2. Que se teña en conta a accesibilidade universal cada ano, garantindo a a igualdade de dereitos de todas as persoas.
3. Que cumpran coa solución comunicada á suxestión do pasado ano, para a instalación dunha rampla de acceso adaptada na Praia de Praceres.